

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 1 DE XULLO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día un de xullo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Accidental, Don José Prieto Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin. Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintecinco de xuño de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE LEGALIZACIÓN OBRAS RIB/C/99.5/12.-

Visto o escrito presentado por **Dona María Moreiras Ojeda**, con domicilio na Rúa Zamora nº 59, 1º B, en Vigo, onde solicita Licenza de Obras que consisten na rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na Rúa Fondo da Vila nº 34, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Don Roberto Rodríguez Martínez visado con data 20.10.2008 e Anexos presentados.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 28 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia para legalización das obras iniciadas de rehabilitación de vivenda unifamiliar e dar licenza para remate das obras sitas na Rúa Fondo da Vila nº 34 (antigo), en Santo Andre.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é

xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 74.978,81 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Fondo da Vila nº 34 (antigo), Santo Andre.

Redactor do proxecto: Don Roberto Rodríguez Martínez.

Dirección de obras: Don Roberto Rodríguez Martínez.

Director de Execución das obras e de Coordinador de Seguridade e Saúde: Don Juan Carlos González Loeda.

Nome ou razón social do promotor: Dona María Moreiras Ojeda.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 06/11/2008, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 1.949,45 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 74.978,81 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	74.978,81 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	1.949,45 €	
Aboado por autoliquidación:	1.949,45 €	06-11-08
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 28 de xuño de 2013:
 - o **Sétimo:** Consta no expediente informe de Aqualia sobre o estado dos servizos en Santo André, indicando o seguinte:

“...informase que en dito lugar tanto a rede de abastecemento como a rede de saneamento é veciñal, descoñecendo por parte da concesionaria o trazado dos servizos.

En todo caso recomendase seguir as seguintes normas construtivas:

 - *Acometida de saneamento: A falla dunha definición precisa en proxecto, a acometida de saneamento realizaráse en tubo de PVC de diámetro mínimo 125 mm. e entronque á rede de saneamento mediante pozo de diámetro interior 1 m. con tapa de rexistro en fundición D400 de 60 cm. de diámetro. Na marxe da propiedade deberá realizarse unha arqueta de 30X30 con tapa de fundición.*
 - *Acometida de pluviais: Aínda que actualmente non existe rede separativa, polo que todas as augas irán a parar inicialmente a rede de saneamento, deixarase prevista unha acometida de pluviais separativa da rede de fecais, á que deberán poder conectarse nun futuro. Para iso realizarase a acometida utilizando tubo de PVC de diámetro mínimo 100 mm. executando na marxe da propiedade unha arqueta de 30x30 con tapa de fundición.*
 - o **Oitavo:** Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se resolve: **“Autorizar a intervención sempre que se axuste ó proxecto remitido ó Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de Ourense, antes Delegación Provincial de Cultura e Deporte, e se cumpran as cautelas que considera a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, e que son as seguintes:**
 - *Os acabados exteriores dos muros de fachada resolveranse ou ben deixando as mamposterías vistas sen rexuntado, ou ben se enfuscan en morteiro de cal e area de xeito tradicional en cores neutras e típicas da zona (branca, ocre, terras claras,...). As tonalidades da fachada deberán basearse nas predominantes e ser acordes co contorno dos elementos a protexer.*

- As chemineas de ventilación serán de material metálico, en acabado non brillante de pequena dimensión e deseño sinxelo”.

- Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Cesar Manuel Fernández Gil con data RE 28 de xuño de 2013 N° Re 3196, relativo a solicitude de resposta sobre a necesidade de aprobación de prezos públicos da Mostra Internacional de Teatro e da piscina municipal.

REENGANCHE POR CORTE DE SUMINISTRO.-

Visto o escrito presentado por **DONA ADELINA TERESA NOGUEIRAS OSORIO**, con domicilio na Rúa Sagasta nº 6, 7º F, en Pontevedra, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito en Valdepereira nº 9, lugar “ O Campo”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para reenganche corte de suministro para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.


E visto que en data de 18-06-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 con data RE 26 de xuño de 2013 N° RE 3140, relativa a sentenza do Procedemento Abreviado 294/2012-B.
2. Comunicacions da Subdelegación do Goberno en Pontevedra con datas RE 26, 27 e 28 de xuño de 2013 N° RE 3145, 3175, 3176 e 3218 respectivamente, relativos a instalación de liña aérea de transporte de enerxía eléctrica e subestacións de transporte de dita enexía.



3. Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo sección 004 con data RE 28 de xuño de 2013 N° RE 3225, relativa a comunicacion de senteza do procedemento ordinario n° 15129/2010.
4. Comunicación do Consello de Contas de Galicia con data RE 26 de xuño de 2013 N° RE 3144, relativa a actualización dos datos do censo con data límite 1 de setembro de 2013.
5. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo n° 2 con data RE 28 de xuño de 2013 N° RE 3221, relativo a requerimento de datos de funcionario responsable aos efectos de dar cumprimento a execución de títulos xudiciais 028/2013A.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DECLARACION DE INCURSIÓN NA SITUACION DE FORA DE ORDENACIÓN RIB/C/165.3/12.-

Visto o expediente iniciado en data 24 de abril de 2012 mediante solicitude de Don Manuel García Carrera en representación da Empresa GARCÍA PÉREZ DO RIBEIRO, S.A. ao amparo da Disposición Transitoria 3ª da Lei 2/2010.

Visto o informe técnico de data 27 de xuño de 2013 no que se dicía que:

***Sexto:** En canto aos requisitos a cumprir pola edificación e a documentación mínima que terá que aportar para poder acollerse ao réxime previsto na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010:*

a) Non estar executadas sobre terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento público. A construción está situada en solo urbano consolidado.

b) Terse realizado sen licenza urbanística municipal ou sen a preceptiva autorización autonómica. No arquivo do Concello a única documentación existente é a indicada no punto terceiro. Non existe licenza municipal de obras.

c) Que se acredite que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003 se atopaba totalmente rematada. Segundo documento de compravenda de data 30 abril do ano 2002, na parcela con n° de referencia catastral 1229918NG7812N0001IQ, xa existía unha nave industrial destinada a almacén. Na Certificación Catastral Descritiva e Gráfica o ano de construción indicado é 1960.

d) Que a Administración non adoptase ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental antes da entrada en vigor da Lei 2/2010. Non consta no Arquivo Municipal expediente de reposición da legalidade urbanística.

e) Acreditación da preexistencia dun uso continuado. Preséntanse facturas: 12/02/2004 reparación de oficinas e baños; 14/07/2004 Póliza de Abono de Unión Fenosa; 29/12/2004 Contrato-Póliza de Abono Servizo de subministración de auga potable e saneamento; 24/01/2005 data do acordo de



taxa polos dereitos de acometida de auga uso industrial; 01/09/2004 factura de Unión Fenosa; 04/01/2005 factura de Unión Fenosa; 03/01/2006 factura de Unión Fenosa; 01/03/2007 factura de Unión Fenosa; 10/01/2007 factura de Aqualia; 13/02/2007 factura de Telefónica; 03/01/2008 factura de Unión Fenosa; 24/03/2008 factura de Aqualia; 13/02/2008 factura de Telefónica; 05/01/2009 factura de Unión Fenosa; 17/03/2009 factura de Aqualia; 16/01/2009 factura de Orange; 07/01/2010 factura de Gas Natural Fenosa; 16/03/2010 factura de Aqualia; 16/01/2010 factura de Orange; 03/03/2011 factura de Gas Natural Fenosa; 14/03/2011 factura de Aqualia; 16/01/2011 factura de Orange; 12/02/2012 factura de Gas Natural Fenosa; 12/03/2012 factura de Aqualia; 16/01/2013 factura de Orange; 05/01/2013 factura de Gas Natural Fenosa; 18/03/2013 factura de Aqualia; e 16/01/2013 factura de Orange.

Sétimo: Segundo a documentación presentada a nave trátase dunha construción de forma poligonal dunha superficie de 845,74 m², cunha altura de 7,23 m na parte máis alta. O espazo distribúese en planta baixa e entreplanta, cunha zona de taller, baño, oficina, e escaleiras para comunicación dos dous niveis. O uso da nave é de ferraxaría, compra e venda de materiais de construción e aluguer e venda de maquinaria.

Na mesma parcela sinálase outra edificación de uso industrial, da que non constan planos, nin fotos, ten uso de almacén cunha superficie de 102,92 m². Desta construción non hai documentación que acredite a súa antigüidade.

CONCLUSIÓN: Enténdese que a edificación de uso industrial que pode tramitarse ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, será a nave de forma poligonal, dunha lonxitude aproximada de 68,63 m e unha anchura media de 12,48 m, que en planta baixa ten unha zona de taller, baño e oficina, e escaleiras de comunicación para o espazo de entreplanta. Construción que ven debuxada nos planos n^o 04, n^o 05 e n^o 06 e da que se aporta reportaxe fotográfico na Memoria Técnica entregada.

Non pode tramitarse, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010 sometida ao réxime de situación de fóra de ordenación total, a segunda edificación de uso industrial situada ao noroeste da parcela, que ven debuxada no plano n^o 03, e que ten unha superficie de 102,95 m², con uso de almacén, por non acreditar na documentación presentada os requisitos necesarios. Dita edificación non consta na parcela con referencia catastral n^o 1229918NG7812N0001IQ, como pode verse na cartografía de catastro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. A declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, nave de forma poligonal, dunha lonxitude aproximada de 68,63 m e unha anchura media de 12,48 m, que en planta baixa ten unha zona de

taller, baño e oficina, e escaleiras de comunicación para o espazo de entreplanta. Construción que ven debuxada nos planos nº 04, nº 05 e nº 06 e da que se aporta reportaxe fotográfico na Memoria Técnica entregada, situada na Rúa Irmáns Álvarez Araujo nº 38 (Ref. Catastral 1229918NG7812N0001IQ), no municipio de Ribadavia, instada por Don Manuel García Carrera en representación da empresa GARCÍA PÉREZ DO RIBEIRO, S.A.

2. Non entender incluída nesta declaración a segunda edificación de uso industrial situada ao noroeste da parcela, que ven debuxada no plano nº 03, e que ten unha superficie de 102,95 m², con uso de almacén, por non acreditar na documentación presentada os requisitos necesarios. Dita edificación non consta na parcela con referencia catastral nº 1229918NG7812N0001IQ.

MODIFICACIÓN DE ACORDO.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2012 sobre proposta de cualificacións provisionais.

Visto o informe emitido polas Arquitectos municipais, sen que conste rexistro de entrada, de data 1 de xullo de 2013, no que se recolle o seguinte:

*“Con data de 11 de febreiro de 2013, dende a Oficina de Rehabilitación propuxéronse, para a súa **Cualificación Provisional**, as Actuacións de Rehabilitación de Vivendas e a Actuación de Urbanización que a incluír no Acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 14 de maio de 2012, 12ª Fase, Obxectivos 2011, relativo o Casco Antigo de Ribadavia.*

Con data de 14 de xuño de 2013, presentouse o Proxecto Básico e de Execución da edificación da Praza Maior, nº 2, a nome de Mª Montserrat e Mª Luísa López Fernández; que desenrolaba a Proposta inicialmente entregada, correspondente ós Expedientes RIB/S/278.1/13 e RIB/S/278.2/13. Este Proxecto Técnico modificou o Presuposto de Execución inicialmente entregado.


*Aínda que este cambio non conleva a variación das contías das subvencións a percibir, considerase da necesidade de **Modificación do Cadro de Proposta de Cualificación Provisional aprobado na Xunta de Goberno Local de data de 30 de xaneiro de 2012**, coa finalidade de recoller esta variación do Presuposto de actuación”.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda modificar o acorda da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2012, quedando do seguinte xeito:

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS.-

Que ao abeiro da ordenanza municipal de data 27 de xullo de 2010, publicada no BOP nº 256 o día 6 de novembro de 2010, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa cualificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 2066/2008, de 12 de decembro, e no D 402/2009, do 22 de outubro, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 29 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e do Casco Antigo de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante nos expedientes e os informes da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia nos que se acredita a veracidade dos datos que a continuación se trascriben, por unanimidade dos asistentes acorda informar favorablemente as solicitudes propoñendo a aprobación das Cualificacións provisionais, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo, sendo estas as seguintes:



Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº vivendas	m ² útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	¿O promotor solicita dereito a préstamo convertido?	M ^o FOMENTO	ANUALIDADES XUNTA (IGVS)					ANUALIDADES MINISTERIO
										Subv. Prevista	2013	2014	2015	2016	
Oscar Carlón Armada	76.747.145 D	Rúa Xuiz Vínas, nº 8 A	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	55,00	25.264,53€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2015
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 1º	(b) e 1c) edif/viv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 2º	art. 58.1a) (b) e 1c) edif/viv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - 3º	art. 58.1a) (b) e 1c) edif/viv	1	74,53	56.493,74€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Benito Fidalgo Durán	34.931.825 T	Rúa Ribeiro, nº 3 - BC	(b) e 1c) edif/viv	1	57,18	50.922,44€	6 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
M ^o Asunción Rguez. Abad	76.706.185 N	Rúa Xuiz Vínas, nº 9 - 1º	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	49,79	24.985,79€	12 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
M ^o Asunción Rguez. Abad	76.706.185 N	Rúa Xuiz Vínas, nº 9 - 2º	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	52,92	25.357,56€	12 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
As Casas do Ribeiro, S.L.U.	B 32.325.896	Rúa Mera Soto, nº 10	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	53,79	24.470,14€	24 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
M ^o Luisa Fdez. Moreiras	44.445.366 M	Rua Porta Nova Arriba, 2-2º	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	65,24	26.436,29€	24 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Maria Diz Domínguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 1º A	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	43,37	49.619,92€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Maria Diz Domínguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 1º B	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	41,30	50.886,98€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Maria Diz Domínguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 2º A	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	45,27	51.133,40€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Maria Diz Domínguez e outro	34.904.817 V	Rúa Progreso, nº 44 - 2º B	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	47,35	54.605,12€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
M ^o Monserrat López Fdez.	34.975.882 N	Praza Maior, nº 2 - 1º	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	59,99	70.034,61€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
M ^o Luisa López Fdez	34.951.378 A	Praza Maior, nº 2 - 2º	art. 58.1a) edif/viv art. 58.1b) edif/viv	1	90,52	130.087,29€	30 meses	NON	6.600,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	6.600,00	2014
Sumas						753.266,08			99.000,00	75.000,00	20.000,00	15.000,00	40.000,00	26.400,00	19.800,00

Actuacións Urbanización - reurbanización

Rúa/Praza	Descripción actuación	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo execución en meses	Subv. Prevista		PREVISIÓN ANUALIDADES IGYS E MINISTERIO	Subv.
				Mº FOMENTO	XUNTA (IGYS)		
Parque Robla	Actuacións Urbanización - reurbanización	87.463,01	12 meses	29.700,00	22.500,00	29.700,00	22.500,00
	Sumas	87.463,01		29.700,00	22.500,00	29.700,00	22.500,00



Así mesmo a Xunta de Goberno Local en base a información recibida polas responsables da Oficina do PERI considera oportuno aclarar que:

A proposta de cualificación provisional do “Acondicionamento do Parque Robla” dentro das actuacións de urbanización deste 11º Convenio-Obxectivos 2010, conleva a renuncia do expediente O-UR-006/10, incluído no 10º Convenio-Obxectivos 2009.

RESOLUCION DO 18 DE XUÑO DE 2013, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURISTICOS PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2013.-

“Vista a Resolución do 18 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2013, publicada no DOGA nº 119, de 25 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acolleuse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

